

Acta da reunión do Consello de Departamento

ASISTENTES

Álvarez Sabucedo, Luis M.
Anido Rifón, Luis E.
Blanco Fernández, Yolanda
Burguillo Rial, Juan C.
Caeiro Rodríguez, Manuel
Costa Montenegro, Enrique
García Duque, Jorge
Gil Castiñeira, Felipe
González González, Alfredo
López Arda, José C.
López García, Cándido A.
López Nores, Martín
Mikic Fonte, Fernando A.
Rodríguez Hernández, Pedro S.
Rodríguez Pérez, Miguel
Rodríguez Rubio, Raúl F.
Santos Gago, Juan M.
Suárez González, Andrés
Zulaica Iglesias, Olivia

ESCUSAN ASISTENCIA

Díaz Redondo, Rebeca P.
Llamas Nistal, Martín
Pazos Arias, José J.
Ramos Cabrer, Manuel
Sousa Vicira, M^a Estrella

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Enxeñaría Telemática de 26 de abril de 2017, convocada para as 12:30 horas en primeira convocatoria e para as 13:00 horas en segunda convocatoria na sala de xuntas da E.E. de Telecomunicación.

O mércores 26 de abril de 2017 ás 13:05 horas deu comezo a reunión ordinaria do Consello de Departamento co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, de actas anteriores.

Aprobase, por asentimento, a acta do día 18 de abril de 2017.

2. Informe do Director.

O Director informa sobre o estado da solicitude do Máster en Ciberseguridade, indicando que ainda non hai concesión oficial. Asemade, infórmase sobre a creación de tres grupos de traballo (con representantes da Universidade da Coruña e os campus de Vigo e Ourense) que están a traballar na definición do plan de estudios da nova titulación. A próxima xuntanza deste equipo de traballo será o día 4 de maio.

3. Aprobación, se procede, do POD do curso 2017-2018.

O Subdirector toma a palabra para explicar a forma na que foi xestionada a bolsa de horas xerada a partir da folgura á que renunciaron parte dos profesores do Departamento. Os obxectivos perseguidos na repartición de tales horas foron os seguintes:

- Reducir o número de materias impartidas por cada profesor.
- Reducir o número de profesores que participan en cada materia.
- Reducir a fragmentación de grupos.
- Facilitar a elección de docencia ós profesores que, contando con maiores cargas docentes, exerceron o seu dereito nas últimas posiciones.

O profesor Manuel Caeiro, en calidade de coordinador de Laboratorio de Proxectos (LPRO), aclara que o segundo destes obxectivos non é satisfactorio para esta asignatura, na que, debido a súa natureza multidisciplinar, resultaría máis axeitado contar coa participación dun número maior de tutores. A Dirección do Departamento reconoce tales particularidades e admite que tentarán ser consideradas na elaboración do POD do vindeiro curso académico.

Finalmente, apróbase por asentimento o POD do curso 2017-2018.

4. Asuntos de trámite.

Non hai.

5. Rogos e Preguntas.

Non hai.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:16 horas do día 26 de abril de 2017, da que eu como Secretaria do Departamento dou fe co visto bo do Director.

O Director do Departamento

Dr. D. Raúl F. Rodríguez Rubio

A Secretaria do Departamento

Dra. Dª. Yolanda Blanco Fernández